



ENQUISA DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO CO TFG. GRAO EN BIOLOXÍA FACULTADE DE BIOLOXÍA DA USC

Curso Académico: 2020-2021

**Aprobado pola Comisión de Título do Grao en Bioloxía o 17/03/2022
Aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía o 24/03/2022**

Introdución	p. 3
Resultados	p. 3

Introducción

A información relativa á satisfacción do alumnado coa docencia recibida e coa titulación é subministrada aos centros pola ACMP. A Facultade de Bioloxía complementa esta información mediante a realización de enquisas propias que se inclúen como Protocolos Propios do SGC do Centro. Concretamente ata o curso 2019/20 realizábanse as enquisas de perfil de ingreso e de percepción sobre o desenvolvemento das materias. Sen embargo, non se recollía información sobre a satisfacción do alumnado co TFG desenvolvido.

O Plan de Melloras presentado na Memoria de Calidade 2019/20 propuxo engadir no SGC un Protocolo que analizase o desenvolvemento do TFG e permita coñecer a satisfacción do alumnado coa realización dos mesmos, para o que a Comisión do Título elaborou unha Enquisa sobre o desenvolvementos dos TFGs que se inclúe como Anexo.


A enquisa está estruturada en catro bloques nos que se recolle a opinión do alumnado sobre distintos aspectos, como pode ser o papel do/a titor/ra no desenvolvemento do TFG, cuestións administrativas e/ou académicas, ou o papel do alumno/a no desenvolvemento do TFG e sobre a adquisición de competencias transversais durante a realización do mesmo. O coñecemento desta información é moi relevante, xa que permitirá recoñecer dificultades, si existiran, e buscar solucións as mesmas.

Resultados

No curso 2020/21 cubriron a enquisa 94 alumnos/as dos 116 estudantes que defenderon o TFG, o que supón un 83,2%. Do alumnado que contestou, o 42,6% realizou un traballo bibliográfico, namentres que o 57,4% restante fixo un traballo experimental.

Resultados sobre o papel do/a titor/ra no desenvolvemento do TFG


En canto ao papel do titor no desenvolvemento do TGF todos os ítems valorados mostraron unha alta puntuación, tanto nos TFGs bibliográficos como nos experimentais, se ben os segundos parecen acadar unha valoración en promedio máis alta.




Resultados sobre cuestións administrativas e/ou académicas

En comparación cos anteriores, as notas dos ítems relativos aos datos da enquisa relacionados con cuestións administrativas e/ou académicas son algo máis moderados, indicando que existe unha marxe de mellora en cuestións como a información proporcionada aos estudantes ou a diversificación da oferta de TFGs. Resulta interesante que en ambos os tipos de TFGs (experimentais e bibliográficos) os alumnos cren que os coñecementos adquiridos durante o grao resúltanlles útiles para o desenvolvemento do TFG, o cal reforza o papel do TFG como elemento imprescindible para pór en práctica os coñecementos teóricos do Grao en Bioloxía.

Curso 2020/21 TFG Bibliográfico




Curso 2020/21 TFG Experimental





Resultados sobre o papel do alumno/a no desenvolvemento do TFG

En canto ao apartado referido ao papel do alumno no desenvolvemento do TFG todos os items teñen unha alta valoración, estando un pouco menos valorado o axuste do TFG ao número de ECTS. Esta cuestión xa foi abordada en anos precedentes desde Coordinación e as Comisións de Título e Calidade, e levou a un aumento no número de ECTS desde 6 até 12 tras a reforma do Grao en Bioloxía, polo que se espera unha mellora da cualificación neste ámbito. Esta valoración algo menor pódese relacionar ben coas altas puntuacións alcanzadas tanto no nivel de esforzo que os alumnos realizan como no número de horas dedicadas. A pesar do esforzo que lles supón para os alumnos a realización do TFG, o seu nivel de satisfacción é alto segundo indica a enquisa, tanto para os TFGs bibliográficos como especialmente para os experimentais.



Resultados sobre a adquisición de competencias transversais durante a realización do TFG

En canto á valoración que fan os alumnos do grao de adquisición de competencias transversais durante o desenvolvemento do TFG, as valoracións son superiores en todos os casos a un valor de 2, sendo as que están algo menos valoradas a capacidade de traballar en grupo, a capacidade de realizar unha exposición en público, ou a habilidade no manexo dos TICs. Isto é algo no que concordan tanto os estudantes de TFGs experimentais como bibliográficos e deberemos ter en conta de face a cursos futuros.



Conclusión final

Os resultados da enquisa non amosan grandes problemas relacionados con TFG en ningún dos apartados avaliados, destacando sobre todo a necesidade de mellorar un pouco a información proporcionada aos estudantes en relación TFG así como procurar ter unha diversidade de TFGs algo maior no futuro.

Anexo. Enquisa sobre o desenvolvemento do TFG

CURSO ACADÉMICO E CONVOCATORIA: **Curso**

TIPO DE TFG: Bibliográfico ☐ Investigación ☐ Outros, especificar ☐,

.....
 NS/NC (0), MOI DEFICIENTE OU TOTALMENTE EN DESACORDO (1), NORMAL OU
 TÉRMO MEDIO (2), EXCELENTE OU TOTALMENTE DE ACORDO (3)

	0	1	2	3
SOBRE O TFG E O PAPEL DO/A TITOR/A				
Os obxectivos do TGF estaban ben definidos e en consonancia cos coñecementos e as competencias do Grao en Bioloxía				
A accesibilidade do/a titor/a foi adecuada				
O/ titor/a asesoroume en todas as etapas da realización do TFG: elección de métodos ou estratexias, identificación/planificación de tarefas, resolución de problemas técnicos, obtención de datos, análises, realización de memoria e fase de defensa				
Os recursos instrumentais e económicos para realizar o TFG foron suficientes para cubrir os obxectivos marcados				
Nas actividades realizadas no campo e/ou no laboratorio estiven acompañado polo titor/a ou por algún membro do equipo				
SOBRE CUESTIÓN ADMINISTRATIVAS E/OU ACADÉMICAS				
A información pública existente sobre a oferta de TFG é suficiente e está expresada claramente.				
A oferta de TFGs é diversa e inclúe temas das distintas áreas de coñecemento				
A información contida na web ou a atención (e información) recibida a través do persoal administrativo en canto a trámites (normativa, prazos, documentos a entregar, etc) ou resolución de dúbidas relativas ao TFG foi adecuada e con antelación suficiente				
A atención (e información) recibida polo/a coordinador/a do TFG do Grao de Bioloxía relativos ao TFG foi adecuada				
Durante o TFG servíronme de utilidade os coñecementos adquiridos no Grao en Biología				
SOBRE O PAPEL DO/A ESTUDIANTE NO TFG				
Excluindo o dedicado ás materias obrigatorias e optativas do Grao, o resto do tempo dediqueime en exclusiva á realización do meu TFG				
Tiven un elevado grao de autonomía durante a realización do TFG				
Mantiven informado ao titor/a sobre o progreso do TFG e deixei constancia por escrito das miñas actividades no grupo				
O TFG realizado axústase aos créditos que se lle recoñecen				
A realización do TFG mellorou a miña formación e capacitación como biólogo/a				
Globalmente estou satisfeito có TFG que realicei				
Cualifica o nivel de esforzo e dedicación que che esixiu o teu TFG: 0, NS/NC; 1, baixo; 2, medio; 3, alto				
Cualifica o número de horas de traballo que che esixiu o TFG: 0, NS/NS; 1, < 6 ECTS; 2, ≈ 6 ECTS; 3, > 6 ECTS				

EN RELACIÓN ÁS COMPETENCIAS TRANSVERSAIS, VALORA O SEU GRAO DE POSTA EN PRÁCTICA:

Capacidade de análise e síntese				
Capacidade para o razoamento e a argumentación				
Capacidade para traballar en grupo				
Capacidade para obter información axeitada, diversa e actualizada				
Capacidade para elaborar e presentar un texto organizado e comprensible				
Capacidade para realizar unha exposición en público de xeito claro, conciso e coherente				
Compromiso de veracidade da información que ofrece aos demais				
Habilidade no manexo de TICs (Tecnoloxías da Información e da Comunicación)				
Utilización de información bibliográfica e de Internet				
Utilización de información en lingua estranxeira				
Capacidade para resolver problemas mediante a aplicación integrada dos meus coñecementos				

OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS, POR ORDE DE PRIORIDADE; tamén podes suxerir preguntas a incluír na enquisa.